

# A FESTA DOS MOZOS

Este ano os Mozos de Beluso decidémonos e comprometémonos a rescatar do esquecemento unha das tradicións más bonitas e características da parroquia: a *Festa dos Mozos*. ¿Quen sabe xa cantos anos hai que non se celebraban?, doce, trece...

En tempos foron uns festexos moi animados, atraendo á xente dos arredores (Cela, Bueu, Ardán, Cangas, Mariñ...), e facendo as veces de potente reclamo turístico. Os Mozos da parroquia queremos volver a vivir a alegria que adorna as festas do verán, coa música, os xogos, as procesións e os Vivas. Que a festa non sexa máis que unha excusa para volver a animar as rúas da parroquia coas nosas tradicións, deixando aparcadas por un día a diversión das discotecas ou o entretenemento da televisión.

Queremos que as calles se animen e enchan coa xente. Recuperando o ruxeruxe das conversas entre veciños, e que en Beluso non ocorra o que tan ben cantan as coplas dunha jota de Soutelo de Montes:

*Onde vai que non nos vimos  
máis hai que non nos falamos  
xa o camiño bota herbas  
donde nos paseabamos.*

Que vos divirtades na Festa.

*Os Mozos de Beluso, verán do 1998*

